



## **A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA REALIZARÁ UNHA PLANTACIÓN O PRÓXIMO DOMINGO DÍA 18**

Para celebrar o fin do ano mundial dos bosques, un ano que non se pode considerar como positivo para as nosas formacións forestais, a APDR realizará o próximo domingo día 18 unha plantación de árbores autóctonas nos montes de Xeve, en terreos que sufriron a vaga de lumes do ano 2006 e a erosión posterior que arrastrou boa parte dos compoñentes dos solos, que hoxe se atopan aínda totalmente degradados.

No entorno de Pontevedra a situación dos terreos forestais é sumamente delicada. Os cultivos de eucalipto e pino, especies que producen grandes cantidades de combustible, teñen favorecido a propagación dos incendios forestais que con maior cantidade de combustible no monte tenden tamén a ser de maior intensidade. A combinación incendios forestais en verán seco e precipitacións torrenciais no outono da lugar a intensos procesos erosivos que eliminan o substrato necesario para o desenvolvemento da vexetación. A participación da cidadanía na recuperación dos sistemas naturais contribúe a favorecer a recuperación de solos e bosques e favorece a relación do home cos sistemas naturais o que é en si un importante factor de protección fronte a incendios e agresións. Por iso a APDR invita a participar na plantación que se levará a cabo nunha zona degradada por sucesivos incendios forestais, o último en agosto de 2006, na parroquia de Santa María de Xeve.

Un dos perigos para as formacións vexetais que se está a percibir no noso entorno, é a propagación de especies forestais invasoras especies cunha grande capacidade para aproveitar os nutrientes e a auga e para dispersarse que veñen substituindo dende fai tempo ás formacións naturais. Unha das formacións que máis está a sufrir pola expansión das invasoras on os bosques de ribeira. Diversas especies de crecemento rápido e que se ven beneficiadas polo lume compiten coas naturais do bosque de ribeira e as substitúen a gran velocidade; a mimosa e a acacia negra son as que están a ocupar o lugar onde se atopaban ameneiros, salgueiros, bidueiros e freixos. No Río Lérez, no Almofrei, no Verdugo e en multitude de ríos pequenos e regatos, esta invasión está xa moi avanzada. Unha invasión que non soamente provoca unha dramática perda de biodiversidade senón que, dado o carácter pirofítico das invasoras polo tanto a súa tendencia a arder, ameaza a función protectora dos caudais e dos ecosistemas fluviais que desempeñan os bosques de ribeira. Para afrontar esta situación, as administracións vense incapaces de adoptar medidas que freen o avance creándose unha situación de verdadeiro perigo ambiental cada vez máis difícil de revertir. Na protección dos bosques de ribeira tamén a cidadanía pode realizar un importante traballo contribuindo a eliminar as plantas invasoras e a conservar os bosques naturais.

O domingo 18, organizada pola APDR e coa colaboración do Concello de Pontevedra, se procederá á plantación de carballos, castiñeiros e sobreiras nos montes de Xeve e a continuación se procederá ao tratamento de eliminación de mimosa e acacia negra nas ribeiras do Río Lérez, explicando o papel, a dinámica expansiva e o perigo que implican estas especies. Calquera persoa interesada en participar pode poñerse en contacto coa asociación a través do seu correo electrónico [apdr@apdr.info](mailto:apdr@apdr.info) o do teléfono 636281252.